



### XUNTA DE GALICIA

#### SERVIZO DE TRAMITACIÓN TÉCNICO-ADMINISTRATIVA DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO. AUGAS DE GALICIA

##### *Anuncio*

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que mediante resolución da dirección de Augas de Galicia de data 17 de novembro de 2022 e como resultado do expediente incoado para o efecto, outorgouse a Casa Grande de Remesedo, SL unha concesión de 27.375 m<sup>3</sup> anuais de auga procedente de dous pozos situados no lugar de Zarra do Porto, na parroquia de Ramil (San Martiño), no concello de Palas de Rei (Lugo), con destino a uso gandeiro.

Expte.: **DH.A27.43748**

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2023.- O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa, do Dominio Público Hidráulico, José Ángel Someso Anguita.

R. 2424

#### SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Fergo Galicia Vento-Alfoz SL solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.92678

As obras solicitadas consisten na construción de varios tramos do vial de servizo do Parque Eólico de Airas, con afección á zona de policía, servidume e ao dominio público hidráulico de varios regos innominados, en varios lugares, nas parroquias de San Vicente de Lagoa, San Pedro de Mor, San Mamede das Oiras e de Santiago de Adelán do concello de Alfoz, e na parroquia de San Martiño de Figueiras, do concello de Mondoñedo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nos Concellos de Mondoñedo e de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 20 de xullo de 2023.- A xefa do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica da Mariña de Lugo, Rocío Carreira Carral.

R. 2425

### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de aprobación provisoria de data 26 de xaneiro de 2023 da modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE GARDERÍA INFANTIL DO CONCELLO DE BECERREÁ, expediente núm.: 1294/2022, a medio da presente, publíquese

o devandito acordo na súa parte dispositiva e o texto íntegro da modificación da ordenanza en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

“Modifícanse o artigo 5 que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 5.- Cota tributaria:

Para a determinación das tarifas terase en conta o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), segundo o disposto polo artigo 2.3 do Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía ou indicador que legalmente o substitúa, quedando establecidas do seguinte xeito en cómputo mensual e segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

1. Prezo da atención educativa

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €.

Segundo o nivel da renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no artigo 6 da ordeanza.

2. Prezo por servizos complementarios

a) O prezo polo servizo de comedor fíxase en 74,05 €.

No caso de nenos que non empreguen o servizo de xeito habitual, e por motivos xustificados desexen empregalo algún día solto, o importe da taxa será de 4,23 euros por día. O prezo do comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

b) Horario ampliado

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ou usuaria será de 21,16 €

3. A aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao 30% do IPREM:

Prezo da praza: 0 €                      Servizo de comedor: 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM.

Prezo praza: 0 €                      Servizo de comedor: 17,45 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75 % do IPREM.

Prezo praza: 34,91 €                      Servizo de comedor: 17,45 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100 % do IPREM.

Prezo praza: 69,81 €                      Servizo de comedor: 26,45 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM.

Prezo da praza: 112,13€                      Servizo de comedor: 37,02 €.

f) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM.

Prezo da praza: 133,29 €                      Servizo de comedor: 52,89 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150€ ao 200% do IPREM

Prezo da praza: 147,05€                      Servizo de comedor: 63,47 €

h) Rendas superiores ao 200% do IPREM:

Prezo da praza: 169,26 €                      Servizo de comedor: 74,05

A contía do IPREM será a establecida anualmente.

4. Aplicarase unha bonificación do 100% na atención educativa na Escola Infantil Municipal

As tarifas de comedor e ampliación de horarios devengarase cando tales servizos sexan efectivamente prestados pola Escola Infantil Municipal.”

O que se fai público facendo constar que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que comenarán a contarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Becerreá, 21 de xullo de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2426

## CASTROVERDE

### *Anuncio*

Que mediante Resolución de Alcaldía de data 14 de Xullo de 2023, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao segundo trimestre do ano 2023:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (2º trimestre do ano 2023).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 01 de Agosto de 2023 ata o 01 de Outubro de 2023. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 20 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2427

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo das Escolas Deportivas Municipais correspondente ao mes de maio de 2023, que comprende un total de 217 recibos por un importe de 1.429,40 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo das Escolas Deportivas Municipais correspondentes ao mes de maio de 2023, terá lugar dende o día 05/07/2023 ao 05/09/2023 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 30 de xuño de 2023.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2428

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 44 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, faise público a Resolución da Alcaldía: "SOBRE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE" de data 30/06/2023:

#### **"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA REFERENTE A NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE.**

**D<sup>a</sup>. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOURENZÁ, PROVINCIA DE LUGO.**

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local. En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto no artigo 61.2 da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local en Galicia, e nos artigos 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, corresponde ó Alcalde/sa designar libremente ós Tenentes de Alcalde/sa e polo tanto

#### **VEÑO EN DISPOÑER:**

**Primeiro.-** Designar como 1º Tenente de Alcalde a D. Javier Huertas Otero, como 2º Tenente de Alcalde a D. Manuel Arango Ron e como 3º Tenente de Alcalde a D<sup>a</sup>. Mercedes Dengra Sixto.

**Segundo.-** Os citados Tenentes de Alcalde substituirán na totalidade das súas funcións ó Titular da Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite este para o exercicio das súas atribucións, na orde de designación .

**Terceiro.-** Notificar persoalmente a presente resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contra.

**Carto.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da resolución pola Alcaldía.

**Quinto.-** A dación de conta ó Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García. Pola Secretaría tomase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo)."

Lourenzá, 14 de xullo do 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2429

### *Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, faise público a Resolución da Alcaldía SOBRE DELEGACIÓN DE ÁREAS ESPECÍFICAS DE ACTUACIÓN , de data 30/06/2023:

#### **"RESOLUCIÓN DA ALCADÍA REFERENTE A DELEGACIÓN DE ÁREAS ESPECÍFICAS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL**

Celebradas as eleccións locais o pasado día 28 de maio do 2023 , e sen prexuízo das competencias da Xunta de Goberno Local, no seu caso, pola Alcaldía, considerando que ós efectos dunha maior eficacia na xestión dos diversos servizos municipais faise preciso un reparto de funcións e atribucións, coordinados en todo caso pola Alcaldía- Presidencia da entidade, e polo que ó abeiro do disposto no artigo 61.3 da Lei 5/1997 do 22 de xullo , de Administración Local de Galicia, artigo 21.3. e 23.4 da Lei 7/1.985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 43,44, 45 e 51 do Real Decreto 2.568/1.986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por esta Alcaldía , VEÑO EN RESOLVER:

**Primeiro.-** Delegar xenericamente a dirección interna e xestión dos servizos das áreas de traballo correspondentes, que non inclúan a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, nas seguintes materias e nos Sres. Concelleiros que se citan:

- ☐ Delegación de Obras, Urbanismo, Infraestruturas, Tráfico, Comercio e Participación: D. Javier Huertas Otero.
- ☐ Delegación de Educación, Cultura, Normalización Lingüística e Festexos : D. Manuel Arango Ron.
- ☐ Delegación de Benestar Social, Sanidade, e Igualdade: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Mercedes Dengra Sixto.
- ☐☐ Delegación de Medio Ambiente e Desenvolvemento Rural :D. Mario Leitón Ramallal.
- ☐ Delegación Xuventude e Turismo : D<sup>a</sup> Sonia Gavino Reigosa.
- ☐ Delegación Deportes : D. Francisco Javier Suárez Vázquez.

**Segundo.-** Notificar persoalmente a presente Resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa, e remitir a Resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a publicación no mesmo así como publicalo no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á sinatura da Resolución da Alcaldía.

**Terceiro.-** Dar conta ó Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García.

Pola Secretaría tomase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucions, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo)."

Lourenzá, 14 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2430

### *Anuncio*

#### **Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 2º trimestre de 2023, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de outubro do 2023, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 21 de xullo do 2023.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 2431

### MONFORTE DE LEMOS

#### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA XUÑO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 17.07.2023 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de XUÑO 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 04.08.2023 ao 04.10.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 18 de xullo 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2432

---

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 20 de xullo de 2023 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal de 01 posto de auxiliar enfermería a xornada completa con cargo o programa de fomento do emprego 2023 da Excma. Deputación de Lugo e Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-1 posto de auxiliar enfermería a xornada completa (duración 3 meses).

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de **cinco** días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do estrato das Bases no BOP de Lugo.

Monterroso, 21 de xullo de 2023.-O Alcalde, Eloy Pérez Sindin.

R. 2433

---

## MURAS

### *Anuncio*

#### **MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Vista a necesidade do Concello de poñer en marcha o PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL: TÉCNICO/A MEDIO AMBIENTE CON CARGO AO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2023.

Visto o Informe de Secretaría de data 20.07.2023,

No uso das atribucións que me confire o artigo. 21. 1 s) da LRBRL

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o programa de carácter temporal "TÉCNICO/A MEDIO AMBIENTE CON CARGO AO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2023".

**SEGUNDO.** Aprobar as bases de selección para contratación de 1 técnico/a de medio ambiente como funcionario/a interino/a por programa, Escala Administración especial, subescala técnica, técnico medioambiente grupo A2, coas retribucións propias da súa categoría, así como convocar as correspondentes probas.

**BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE 1 TÉCNICO/A MEDIOAMBIENTE COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR PROGRAMA CON CARGO AO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2022****1ª.- Obxecto da convocatoria**

É obxecto da presente convocatoria, a contratación mediante concurso-oposición, de 1 técnico/a medioambiente como funcionario/a interino/a por programa, Escala Administración especial, subescala técnica, técnico medio ambiente, grupo A2.

**2ª.- Características da praza**

a) Denominación da praza: técnico/a medioambiente.

b) Grupo de titulación: GRUPO A2

c) OUTRAS CARACTERISTICAS

- Escala: A

- Subescala: A2

- Salario grupo A2: 1.113,98€

- Nivel C.D.: 406,52 (nivel 16).

- Prorrata paga extra

**3ª.- Sistema de provisión.**

Concurso-oposición, quenda libre.

**4ª.- Requisitos dos solicitantes.**

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir todas e cada unha das seguintes condicións:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaráanse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Os nacionais dos demais estados membro da Unión Europea ou os daqueles que teñan subscrito Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu estado o acceso á función pública.

g) Pagar a taxa polo dereito de examen por importe de 6,00€ (excepto desempregados, previa xustificación), na seguinte conta do Concello, especificando no ingreso o nome e apelidos do participante, así como a praza á que aspira. CAIXA RURAL: ES71-3070-0021-7763-0726-2821

h) Deberase acreditar o coñecemento do idioma galego coa presentación dos cursos de formación CELGA 4 ou a súa validación. No caso de non atoparse este requisito, deberán realizar unha proba de coñecemento do idioma.

i) Titulación necesaria: Diplomatura ou Grao en calquera especialidade da área de Ciencias/ Ciencias da Saúde ou Enxeñería Técnica, ou ter cumpridos tres anos da Licenciatura nas ramas de Ciencias/Ciencias da Saúde ou dunha Enxeñería Superior ou a titulación Ciencias Ambientais ou similar. No caso de titulación obtida no estranxeiro deberá acreditarse a súa homologación polo Ministerio de Educación e Ciencia ou polo órgano da Administración competente para iso.

j) Estar en posesión de carné de conducir tipo B.

O cumprimento das referidas condicións entenderase referido a data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

**5ª.- Solicitudes.**

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán formularse en instancia dirixida ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Muras no rexistro xeral do Concello de Muras ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

O horario de presentación no rexistro do Concello é de luns a venres de 8:00 a 14:00 horas.

Nas solicitudes farase constar:

- Manifestación de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira.
- Comprometerse, para o caso de resultar contratado, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.
- Currículum de méritos que se posúan e documentación xustificativa dos mesmos, co obxecto de valora-la súa aptitude para o desempeño do posto de traballo.

Tamén se presentará a documentación acreditativa dos méritos que se pretende sexan valorados e que figuran na base 7. A documentación a presentar será orixinal ou compulsada e aportarase de tal xeito que poida ser valorada convenientemente polo Tribunal Cualificador

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente dictará resolución, no prazo de cinco días, que se publicará na sede electrónica do Concello, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando un prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación de dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do artigo 68.1 da LPACAP. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de enmenda de defectos, o Alcalde-Presidente declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica do Concello. Na dita resolución fixarase o lugar, data e realización das probas e establecerase a composición do Tribunal cualificador.

#### **6º.- Tribunal cualificador.**

O tribunal cualificador estará constituído por un Presidente, tres Vogais e un secretario que serán designados polo Alcalde-Presidente. O secretario será o da Corporación.

Designaranse suplentes, que en substitución dos titulares, integrarán o Tribunal.

Tódolos membros do Tribunal deberán ter titulación igual ou superior ao esixido para o posto convocado e a súa composición tenderá a ser paritaria ente homes e mulleres.

Os membros do Tribunales deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así mesmo, poderán ser recusados polos aspirantes cando concorran causas previstas no artigo 24 da dita Lei.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de mais da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario, na súa ausencia o Presidente será substituído polo vocal de maior idade e o Secretario polo vocal de menor idade.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que o estimen necesario. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas.

O Tribunal terá a categoría correspondente ó establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, percibindo os seus membros e asesores pola asistencia ás sesións as contías establecidas en dito Real Decreto.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros asistentes, as dúbidas e incidencias que se produzan na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do procedemento de selección, así como adoptar as medidas necesarias ao efecto.

#### **7º.- Selección de aspirantes.**

A hora e lugar de inicio das probas será publicada na sede electrónica do Concello de Muras. Os anuncios relativos ao desenvolvemento de probas, data, hora e resultados posteriores publicaranse na sede electrónica do Concello.

Poderase realizar no mesmo día máis dunha proba da fase de oposición.

A selección de aspirantes realizarase nas seguintes fases:

##### **7.1 Primeira fase, oposición.**

Para poder realizar o exercicio da oposición os aspirantes deberán ir provistos dun documento identificativo da persoa (DNI ou semellante), e bolígrafo de cor azul. O procedemento selectivo consistirá na realización dos seguintes exercicios:

a) Contestación escrita a un test proposto polo tribunal sobre o programa do Anexo da convocatoria. O tempo máximo de realización será de dúas horas e a puntuación máxima será de 60 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 30 puntos. O Total de preguntas a formular, con tres respostas alternativas, das que unha delas será a correcta, será de 60. Cada pregunta acertada puntuarase con 1 punto. As respostas incorrectas ou non contestadas non restarán puntos.

b) Realización dunha proba práctica proposta polo Tribunal relacionada cos traballos a realizar, que constara de un ou varios exercicios prácticos nos que se avaliará o coñecemento e experiencia no desempeño do posto de traballo, entre 0 e 20 puntos. Será necesario acadar un mínimo de 10 puntos.



7.2 Exercicio común e obrigatorio par tódolos candidatos que non acrediten o coñecemento do galego no nivel Celga 4 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

7.3 Segunda fase, concurso.- A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data. Non se valorará ningún mérito que non estea presentado correctamente na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: (ata un máximo de 5 puntos):

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características noutra Administración Pública: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características no sector privado: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

No caso de servizos por conta allea, deberán presentarse obrigatoriamente os seguintes documentos: Informe de vida laboral e copia do/s contrato/s de traballos.

Estes documentos poden substituírse por un certificado de servizos expedido pola administración ou empresa privada, no que quede acreditado de forma clara e expresa, a ocupación, grupo de cotización, período traballado e número de horas da xornada laboral. No caso de autónomos, acreditarán a experiencia mediante o informe de vida laboral, así como o xustificante de alta no IAE, contrato de arrendamento de servizos, declaración responsable ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade realizada e o tempo de duración da mesma.

B) FORMACIÓN:(ata un máximo de 5 puntos):

Por cursos impartidos pola Administración Pública do Estado, Autonómica, Universitaria ou Local, relacionados directamente co posto de traballo a desenvolver co seguinte baremo:

- De 40 a 100 horas: 0,30 puntos.

- De 20 a 39 horas: 0,25 puntos.

- De 15 a 20 horas: 0,20 puntos.

- De 5 a 10 horas: 0,15 puntos.

Acreditaránse mediante copia do título ou certificado oficial acreditativo dos mesmos. Non se valorarán aqueles cursos que non teñan establecidas claramente as horas nin os que teñan máis de 15 anos de antigüidade

Non se puntuarán méritos que non se xustifiquen coa documentación expresada.

7.4 Cualificación final.

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na totalidade do proceso, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación. O Tribunal propondrá o nomeamento ao órgano correspondente dos aspirantes que acaden a maior puntuación.

Determinarase tamén unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que, tendo superado o proceso, non acaden suficiente puntuación para seren propostos. Esta lista de espera, elabórase aos efectos de cubrir posibles vacantes que se produzan ou ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, así como se se producira a baixa o renuncia dos seleccionados. A publicación das listas realizarase na sede electrónica do Concello. O rexeitamento na chamada provocará que o aspirante pase ao final da lista. En caso de empate, actuarase do seguinte xeito:

1º- maior puntuación na fase de oposición.

2º- maior puntuación na fase de concurso.

3º de persistir o empate, o mesmo resolverase mediante un sorteo.

A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

**8º.- Presentación de documentos e formalización de contrato.**

Con carácter previo a formalización do contrato os aspirantes seleccionados deberán xustificar adecuadamente no prazo máximo de tres días naturais contados a partir da publicación da resolución da convocatoria, que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas, a tal efecto, de non tela feito con anterioridade, deberán presenta-la seguinte documentación.

- Fotocopia do D.N.I.

- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto de traballo que se convoca, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista final establecida polo Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do Tribunal e achegada a documentación polos aspirantes propostos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo dentro do prazo de tres días.

#### **9º.- Bolsa de traballo**

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo (excluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos seleccionados. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

#### **10º.-Protección de Datos de Carácter Persoal**

O responsable do tratamento é o Concello de Muras, que tratará os datos persoais coa finalidade de xestionar o proceso selectivo correspondente, de acordo coa normativa vixente e as bases da convocatoria. A lexitimidade do tratamento baséase no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. De acordo co artigo 6.1 c) do RGPD, o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ó responsable do tratamento, así como para o cumprimento dunha misión realizada en interese público (artigo 6.1 e), segundo as competencias atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como pola normativa que regula o emprego público.

Os datos persoais serán conservados mentres poidan derivarse responsabilidades e durante os prazos de prescrición de reclamacións e/ou recursos.

Os datos persoais non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal ou por razón de interese público. Non obstante, serán publicados de acordo co establecido nas bases da convocatoria, segundo os principios de publicidade e transparencia recoñecidos na lexislación reguladora do acceso ó emprego público, tendo en conta o disposto pola normativa de Protección de Datos.

Non se realizarán transferencias internacionais de datos. Pódense exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación, cando procedan, ante o Concello de Muras, en Praza da Galeguidade, 4, 27836 Muras, Lugo, Lugo, ou a través da Sede Electrónica: <https://muras.sedelectronica.gal/>

#### **11º.- Abstención e recusación.**

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **12º.- Recursos.**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

#### **TEMARIO**

##### Parte común

1. A Constitución española de 1978. Estructura e contido. Principios xerais. A reforma constitucional. Dereitos e deberes fundamentais.

2. O réxime local español. A administración local na Constitución. O principio da autonomía local. A Provincia e outras Entidades Locais: Referencia á Lei de

Administración Local de Galicia con respecto a ditas entidades locais.

3. A organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas : estrutura e competencias. Os estatutos de autonomía: caracteres e contido.

4. A Comunidade Autónoma de Galicia. O Estatuto de autonomía. As competencias da Comunidade. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente.

5. O procedemento administrativo: A iniciación do procedemento. A terminación do procedemento. A terminación convencional. A falta de resolución expresa. O réxime do silencio administrativo. O desestimento e a renuncia. A caducidade.

6. O acto administrativo. Requisitos e eficacia dos actos administrativos. A validez do acto administrativos. Supostos de nulidade e anulabilidade.
  7. Os recursos administrativos. Clases de recursos: Recurso de alzada, recurso de reposición e recurso extraordinario de revisión.
  8. A potestade sancionadora: Principios da potestade sancionadora e o procedemento sancionador.
  9. Organización municipal nos concellos de réximen común : Organos necesarios. O Alcalde: competencias. Delegacións de atribucións. Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local.
  10. Organización municipal nos concellos de réximen común : O Pleno do Concello: Composición e funcións. Organos complementarios: Comisións informativas e outros órganos.
  11. Réxime de organización municipal en municipios de gran poboación: ámbito de aplicación. Organización e funcionamento dos órganos municipais.
  12. Réxime de sesións e acordos municipais. Actas. Certificacións. Comunicacións. Notificacións. Publicación dos acordos.
  13. As competencias municipal. Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servizos mínimos.
  14. A potestade regulamentaria das entidades locais: Regulamentos e ordenanzas e bandos. Procedementos de elaboración e aprobación.
  15. Os bens das Entidades Locais. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Prerrogativas das entidades locais respecto ós seus bens. Trasmisións de bens.
  16. Persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Os instrumentos de organización persoal. Dereitos e deberes. Situacións administrativas Incompatibilidades. Rexime disciplinario.
  17. A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e bo goberno.
- Parte específica
1. O Medio Ambiente na Unión Europea. Tratados Internacionais en materia de Medio Ambiente.
  2. O Medio Ambiente na Constitución Española. Distribución de competencias estatais, autonómicas e locais na regulación, planificación e xestión do Medio Ambiente. Rede de autoridades ambientais.
  3. Normativa de aplicación en materia de Responsabilidade Ambiental.
  4. Réxime xurídico de infraccións e sancións en materia de medio ambiente. Procedemento sancionador.
  5. Delito ecolóxico. Responsabilidade civil ambiental
  6. Sistemas de Información Xeográfica. Aplicación á xestión do medio ambiente.
  7. Desenvolvemento Sostible: concepto. Antecedentes. Sustentabilidade urbana. Especial consideración en materia de mobilidade: Medidas de Actuación.
  8. Avaliación de Impacto Ambiental. Marco legal e institucional.
  9. Elaboración de estudos de impacto ambiental: contido e metodoloxías; medidas preventivas, correctoras e compensatorias. Programa de vixilancia ambiental.
  10. Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación. Autorización ambiental integrada. Rexistros de emisións e fontes contaminantes.
  11. Intervención perante incidentes ambientais. Toma e conservación de mostras. Levantamento de acta e elaboración de informes.
  12. A Lei de Augas. A xestión do espazo fluvial, calidade das augas e risco de inundación. Normativa comunitaria.
  12. A Lei de Augas. A xestión do espazo fluvial, calidade das augas e risco de inundación. Normativa comunitaria.
  13. Abastecemento de auga de consumo urbano. Orixe, recursos, infraestruturas e competencias de xestión. Saneamento de augas residuais urbanas. Normativa, infraestruturas e competencias de xestión.

14. Augas residuais. Parámetros indicativos de contaminación e contaminantes máis habituais na contorna urbana e rural. Procesos de tratamento e depuración das augas residuais urbanas e industriais. Autorización de Verteduras.
15. Lexislación estatal en materia de contaminación acústica. Distribución de competencias en materia de ruídos, a nivel nacional, autonómico e local
16. Residuos urbanos: concepto. Clasificación. Tratamento e xestión. Política Europea en materia de residuos. Lexislación aplicable.
17. Eliminación de residuos urbanos mediante depósito en entulleiras. Problemática asociada e normativa reguladora.
18. Operacións de valorización e eliminación de residuos urbanos. Tecnoloxías para o seu tratamento. Normativa reguladora.
19. Normativa reguladora dos Residuos de Construción e Demolición. Réxime Xurídico.
20. Residuos perigosos: Identificación e caracterización. Lexislación aplicable e Réxime xurídico. Xestión e tratamento.
21. Espazos Naturais Protexidos. Lexislación aplicable. 22. Lexislación sobre animais domésticos. Ordenanza municipal reguladora da tenencia de animais peligrosos do Concello de Muras.
23. Cambio climático. Normativa Europea. Estratexias Locais de Cambio Climático.
24. Enerxía e Cambio climático. Fontes de emisión de gases de efecto invernadoiro. Principais medidas de mitigación. Impactos do cambio climático. O papel das enerxías renovables e a eficiencia enerxética.
25. Aforro e eficiencia enerxética. Estratexias adoptadas e implicacións municipais
26. Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado. Antecedentes e obxectivos. Procedemento de implantación e fases. Normativa europea.
27. Educación Ambiental: Concepto. Antecedentes.
28. O dereito á información ambiental. Participación cidadá na toma de decisións.
29. Enerxías renovables: Concepto. Fontes de enerxía. Implicacións ambientais

**ANEXO : Modelo de declaración xurada.**

D./Dona ..... con DNI ....., e enderezo en r/  
..... , Municipio ..... Código postal .  
.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Segundo: que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal temporal para o posto de técnico/a medioambiente do Concello de Muras, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

En Muras, a ..... de ..... de 2023.

(Asinado polo/a interesado/a)

**Solicitud de admisión ao proceso selectivo funcionario interino por programa: técnico/a medioambiente con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental 2023.**

D./Dona ..... con DNI ....., con domicilio a efectos de notificación en ..... e teléfono nº .  
.....,

**EXPÓN:**

1. Que tendo coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Muras para a selección dun/ha funcionario interino por programa: técnico medio ambiente, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental 2023, acepta as bases da convocatoria que declara coñecer.

2. Declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira da convocatoria.

3. Que se compromete, para ó caso de resultar contratado/a, a respeta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.

4. Que achega coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Declaración xurada segundo o Anexo adxunto.
- Relación de méritos e documentación xustificativa dos mesmos para valoracións na fase de concurso.
- Copia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega segundo o establecido na base terceira (de selo caso).

.....  
.....

Por todo exposto,

**SOLICITA:**

Que se teña por presentada a presente instancia e sexa admitido/a no proceso selectivo convocado.

Muras, a ..... de ..... de 2023

(Asinado polo/a interesado/a)

**TERCEIRO.** Publicar as mesmas no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello.

**CUARTO.** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto legislativo 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

Muras 21 de xullo de 2023.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

A Secretaria-Interventora, Silvia Lamelas Soto.

R. 2443

## A PASTORIZA

### Anuncio

#### DELEGACIÓNS

De conformidade co previsto no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase a Resolución desta Alcaldía de data 5 de xullo de 2023 na súa parte dispositiva, do seguinte tenor:

**Primeiro:** Realizar as delegacións que a continuación se detallan nos seguintes Concelleiros:

➤ Marcos García Lombardero

Vías e Obras e Servizos básicos que abranguen as infraestruturas de servizos e subministros, parque móbil, alumeadado público, recollida de lixo así como as estradas de comunicación entre núcleos rurais e o rozado e mantemento de pistas.

➤ Josefa García Pena

Turismo, Cultura e Deportes, Feiras e Festexos, e Participación cidadá (asociacións).

**Segundo:** As devanditas delegacións abarcan a facultade de dirección dos servizos, así como a súa xestión, quedando excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, salvo que para casos concretos se realice a oportuna delegación específica.

**Terceiro:** Da presente resolución darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que se celebre, ademais notificarase persoalmente ós interesados e publicarase no B.O.P, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.

A Pastoriza, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2434

### Anuncio

#### NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE

De conformidade co previsto no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase a Resolución desta Alcaldía de data 5 de xullo de 2023 na súa parte dispositiva, do seguinte tenor:

*“Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros:*

- *Primeira Tenente de Alcalde: Josefa Méndez Pena.*
- *Segundo Tenente de Alcalde: Marcos García Lombardero*

*Aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ó Alcalde nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.*

*Segundo.- Da presente resolución darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que se celebre, ademais notificarase persoalmente á designada e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente resolución conforme se indica na vixente lexislación."*

A Pastoriza, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2435

### Anuncio

#### PERIODICIDADE SESIÓNS PLENO

De conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril modificado pola Lei 11/1999 de 21 de abril, e o artigo 210.2.<sup>a</sup>) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia o Concello Pleno celebrará sesións ordinarias cada dous meses, os terceiros xoves de cada mes impar, ás 20:30 horas. A primeira sesión terá lugar o día 20 de xullo de 2023.

Para o caso de que as mencionadas datas coincidiran con día festivo ou non se puidera celebrar a sesión por causa xustificada a mesma celebrárase o día hábil inmediato anterior á hora indicada.

A Pastoriza, 13 de xullo de 2023.-O Alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2436

### Anuncio

#### RETRIBUCIÓNS E ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS

De conformidade co previsto polo artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril, publícase o acordo adoptado polo Pleno do Concello celebrado o pasado 13 de xullo de 2023 relativo á determinación de membros da corporación con dedicación exclusiva así como a súa retribución, asistencias aos órganos colexiados e indemnizacións por razón de servizo, e que na súa parte dispositiva resultou do seguinte teor literal:

**"PRIMEIRO.-** Aprobar a relación de cargos da Corporación que se desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva, fixando a contía da retribución que corresponda a cada un deles:

- A Alcaldía- Presidencia que será desempeñada por D. Darío Cabaneiro Santomé, en réxime de dedicación exclusiva, retribuirase cun importe bruto anual de 28.149,5 €, distribuído en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Quen ostente o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda.
- Ao delegado da Alcaldía, de Vías e Obras e Servizos básicos, que será desempeñado polo concelleiro Marcos García Lombardero, en réxime de dedicación exclusiva retribuirase cun importe bruto anual de 28.149,5 €, distribuído en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Quen ostente o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda.

A percepción destas retribucións será incompatible co exercicio de todo tipo de actividades retributivas e coa de calquera outra retribución con cargo aos presupostos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes. Tamén será incompatible coas indemnizacións por asistencias a órganos de goberno de acordo co art. 75.3 da LBRL.

A percepción da dedicación exclusiva da Alcaldía -Presidencia quedará condicionada a aprobación definitiva modificación orzamentaria que habilite crédito.

**SEGUNDO.-** Aprobar as contías por asistencia ás sesións de órganos colexiados, que percibirán os membros da Corporación, que serán as seguintes:

ORGANO COLEXIADO	IMPORTE (€)
SESIÓNS PLENO	100,00
SESIÓNS DE COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS	60,00

**TERCEIRO.-** Indemnizacións ós membros da Corporación:

O artigo 75.4 da LBRL sinala que teñen dereito a percibir indemnizacións polos gastos correspondentes a dietas por manutención, aloxamento e transporte con motivo de comisións de servizo, desprazamento fóra do termo municipal efectuados por razón do cargo e outros que correspondan a idéntica motivación sempre que sexan debidamente autorizados e sexan xustificadas documentalmente, tódolos membros da Corporación, incluídos os que desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.



Os correspondentes gastos serán aboados de conformidade coas disposicións contidas no RD 462/2002, de 24 de maio, sobre Indemnizacións por Razón do Servizo; así como as modificacións que poida sufrir, asimilando ó Alcalde e aos Concelleiros ó Grupo Primeiro a que se refire o Real Decreto citado.

Tendo en conta o anterior, fixar como indemnizacións a percibir polos membros da Corporación como gastos de viaxe por uso do vehículo particular en comisión de servizo, a cantidade que resulte a razón de 0,25 € por quilómetro percorrido.

Sinalar como indemnización diaria polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo polas xestións que esixan o desprazamento dentro ou fora do termo municipal do Alcalde ou Concelleiros e á súa xustificación o establecido no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou normativa que a substitúa, nas contías que se sinalen para o Grupo I.

	<b>Contías en euros nas dietas dentro do territorio nacional</b>		
	<b>Dieta enteira (aloxamento e manutención)</b>	<b>Media dieta (manutención - comida e cena)</b>	<b>Dieta reducida (manutención comida ou cena)</b>
<i>Grupo 1</i>	180,00	90,00	45,00
<b>Contías en euros nas dietas fóra do territorio nacional</b>			

**CUARTO.-** Publicar integramente o acordo plenario no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello "<https://apastoriza.sedelectronica.gal>."

A Pastoriza, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2437

### Anuncio

#### APROBACIÓN INICIAL

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 13 de xullo de 2023 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2023.16, na modalidade de suplemento de crédito por importe de 100.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

A Pastoriza, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2438

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### Anuncio

#### PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

O Concello de Pedrafita do Cebreiro, no pleno celebrado en sesión extraordinaria organizativa o día 26 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Establecer para o presente mandato corporativo o seguinte réxime de sesións ordinarias:

Periodicidade: cada dous meses.

Día: segundo xoves dos meses de: xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro.

Hora: 12:30h

Lugar: Salón de Sesións da Casa Consistorial, salvo forza maior.

**SEGUNDO.-** Se o día en que correspondera celebrar sesión ordinaria fora festivo, poderase adiantar ou retrasar a data de celebración, sen que exceda de sete días naturais, circunstancia que se acordará mediante Decreto da Alcaldía que será debidamente notificado aos membros corporativos.

**TERCEIRO.-** Se na primeira convocatoria non existira quórum suficiente para a celebración do Pleno, entenderase convocada a sesión automaticamente dous días despois. En caso de que a data de celebración en segunda convocatoria recaese en sábado ou día inhábil, trasladarase ao primeiro día hábil seguinte.

Se tampouco entón se alcanzase o quórum necesario, o Sr. Alcalde deixará sen efecto a convocatoria, pospoñendo o estudo dos asuntos incluídos na orde do día para a primeira sesión que se celebre, sexa ordinaria ou extraordinaria.

**CUARTO.-** En casos excepcionais e concretos debidamente xustificados, e previa consulta aos voceiros dos diferentes grupos políticos, facúltase ao Sr. Alcalde para modificar o día e hora de celebración das sesións ordinarias, o que se acordará no mesmo Decreto de convocatoria.

Pedrafito do Cebreiro, 21 de xullo de 2023.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2444

---

## TABOADA

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 27.07.2023 aprobou a convocatoria e bases para seleccionar a:

- **1 CONDUCTOR DE VEHÍCULO MOTOBOMBA** Salario: : 1.333,50 euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- Modalidade de contratación: contrato temporal..
- Duración: 3 meses
- Xornada: completa.
- Funcións: as que lles son propias segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **3 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : [www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 27 de xullo de 2023.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2469

---

## XERMADE

### *Anuncio*

#### **Nomeamento de funcionarias de carreira por promoción interna de dúas prazas de administrativo/a, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023 do Concello de Xermade**

Mediante Decreto da Alcaldía núm. 2023-0337 de data 27 de xullo, acordouse:

“PRIMEIRO.- Nomear como funcionaria de carreira a Dna. Iria María Pico Roca, con DNI \*\*\*4580\*\*, que obtivo unha puntuación de 89,00 puntos no proceso selectivo, para ocupar a praza de administrativo (grupo C, subgrupo C1, nivel 18, Escala de Administración Xeral, Subescala administrativa), incluída na OEP do ano 2023 do Concello de Xermade, na quenda de promoción interna.

A toma de posesión implica o cesamento no posto de auxiliar administrativo (código AUX-02) e a amortización automática da praza.

SEGUNDO.- Nomear como funcionaria de carreira a Dna. Ana Oseira Portela, con DNI \*\*\*4119\*\*, que obtivo unha puntuación de 86,00 puntos no proceso selectivo, para ocupar a praza de administrativo (grupo C, subgrupo C1, nivel 18, Escala de Administración Xeral, Subescala administrativa), incluída na OEP do ano 2023 do Concello de Xermade, na quenda de promoción interna.

A toma de posesión implica o cesamento no posto de auxiliar administrativo (código AUX-03) e a amortización automática da praza.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas seleccionadas, a efectos de que tomen posesión da praza no prazo máximo dun mes dende a publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de Xermade.

CUARTO.- A provisión dos postos de traballo que figuran vacantes na vixente Relación de Postos de Traballo (códigos ADM-01 e ADM-02) realizarase por concurso de méritos, consonte ao disposto no artigos 88 e 89 da Lei de emprego público de Galicia.

En tanto non se adxudiquen definitivamente ambos postos, procédese a súa provisión mediante o procedemento extraordinario de adscrición provisional, consonte ao artigo 97 da Lei de emprego público de Galicia, do seguinte xeito:

- Dña. Iria María Pico Roca, con DNI \*\*\*4580\*\*, queda adscrita ao posto de Administrativo adscrito a Rexistro, Padrón, Contabilidade e Recadación (código ADM-01)

- Dña. Ana Oseira Portela, con DNI \*\*\*4119\*\*, queda adscrita ao posto de Administrativo adscrito a Urbanismo, Medio Ambiente e Contratación (código ADM-02)

QUINTO.- Dar traslado á Intervención municipal, para que proceda a realizar os cambios pertinentes en nómina e na seguridade social.

SEXTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de edictos e na sede electrónica para os efectos oportunos."

Xermade, 27 de xullo de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2470

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

#### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente número: **A/27/24105**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Jaime Castelao Fernández

Nombre del río o corriente: Manantial "Pena dos corvos"

Caudal solicitado: 0,02917 l/seg.

Punto de emplazamiento: Frontal, Lamas de Campos, parcela 124 del polígono 116

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo)

Destino: Abastecimiento a vivienda y uso ganadero

#### **BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:**

Captación y conducción a arqueta y depósito desde el que se abastecerá la vivienda y la explotación ganadera.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 23 de junio de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2373

#### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA DE CONCESIÓN OTORGADA.**

**EXP A/27/23883**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público para general

conocimiento que, como resultado de los expedientes incoados al efecto, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico han sido otorgadas las siguientes concesiones para aprovechamiento de agua:

Expediente	Titular	Concesión otorgada	Fecha resolución
A/27/23883	Rubén Pérez Gutiérrez	Expediente de solicitud de concesión de aprovechamiento del Pozo Pena de Cabras, en Fontangordo, Vilaboa, T. M. de A Pontenova (Lugo). PETICIONARIO: Rubén Pérez Gutiérrez	21/07/2023

Oviedo, 21 de julio de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, María del Rosario Sanmartín Álvarez.

R. 2439

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : V/27/01625

PETICIONARIO : Raul Manuel López Fernández

VERTIDO

DENOMINACIÓN : Vivienda en Vilapedre

LOCALIDAD : Vilapedre, San Miguel de Vilapedre

TÉR.M. MUNICIPAL : Sarria

PROVINCIA : Lugo

RÍO/CUENCA : Sarria/Sarria

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Vilapedre" - "Raúl Manuel López Fernández ", con un volumen máximo anual de 248 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas
- Fosa séptica con filtro biológico
- Arqueta de toma de muestras
- Pozo filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 20 de julio de 2023.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2420